

A Enseada de O Bao: un bo lugar para vivir

Por Víctor Caamaño Rivas

As augas e os fondos da Enseada de O Bao teñen certas características que fan dela un medio axeitado para o desenvolvemento de especies típicas doutros mares. É un recinto pechado e de pouca profundidade no que a radiación solar eleva a temperatura das augas con moita rapidez. A quietude que se produce nas pleamares facilita o depósito das pequenas partículas de limo procedentes dos ríos e regatos que nela desembocan. Como resultado unha gran parte dos seus fondos son lamacentos e moi ricos en materia orgánica, mentres que outros debido ás fortes correntes creadas no enchido e baleirado da enseada son areosos e moi axeitados para o desenvolvemento de moluscos bivalvos.


Nos últimos anos algunhas especies mariñas procedentes doutros mares foron colonizando a Enseada de O Bao e utilizándoa coma ponte para o seu futuro asentamento no resto da costa galega. O sistema utilizado por ditas especies, para a viaxe desde lonxanos mares ata as augas da Enseada, foi habitualmente a importación de ostras. As ostras destinadas para o cultivo en batea serviron de vehículo para outras especies que conseguiron adaptarse ás condicións mediambientais do novo ecosistema. Hai bateas en tódalas Rías Baixas, pero a temperatura e as condicións das augas da Enseada son especialmente axeitadas para o desenvolvemento de especies características de mares tropicais e subtropicais. Os casos máis recentes e interesantes sobre as especies que están a colonizar as augas galegas a partir da Enseada de O Bao son os que se relatan de seguido.



Presencia de *Sargassum muticum* na Enseada de O Bao. As frechas indican a dispersión de exemplares de gran tamaño (Informe do IEO nº 69, 1988).

No ano 1987 membros do Instituto Español de Oceanografía localizan na Enseada a primeira poboación, para a costa española, dunha alga coñecida vulgarmente coma sargazo (*Sargassum muticum*). Esta especie, orixinaria do Xapón, foi viaxando coas exportacións de ostras do xénero *Crassostrea* ata a costa pacífica de EEUU, de aí pasou ós mares franceses e británicos e finalmente chegou á Enseada. Trátase dunha alga parva que vive fixada ós fondos por un disco basal do cal parte un eixe principal curto con sucesivas ramificacións que lle permiten acadar grandes dimensións (3-4 m de lonxitude). A característica que mellor define ás algas deste grupo é a presenza de aerocistos; pequenas bolsiñas de aire que posibilitan a flotación dos exemplares. Desde a súa aparición, o *Sargassum muticum* foi competindo e desprazando a outras algas cuns requirimentos ecolóxicos semellantes a ela, e actualmente está presente en toda a costa galega.

Nas guías de moluscos de Galicia faise referencia a Enseada de O Bao para sinalar o lugar onde habitan tres especies de pequenos caramuxos mariños. Un deles, coñecido como *Nassarius pfeifferi*, ten unha cuncha de 1,5 cm, ovalada e apicalmente de forma cónica. A coloración é branca ou acastañada, cun debuxo de liñas en



Nassarius pfeifferi (A Natureza ameazada. Consello da Cultura Galega, 1989)


"zig-zag" que desaparecen cara o final da cuncha. As primeiras citas para o *Nassarius pfeifferi* en augas galegas, sitúano exclusivamente na Enseada de O Bao e na lagoa litoral das Illas Cíes. Este caramuxo é un nasárido e, como os demais membros desta familia, a súa modalidade alimenticia consiste en inxerir animais mortos. Na Ría de Arousa foi colonizando as zonas limítrofes da Enseada, convertíndose nunha especie común nas prais de Cambados e da Illa de Arousa, onde se alimenta dos restos de ameixas e berberechos mortos como consecuencia da actividade cotiá do marisqueo.

Outra especie de nasárido é o *Cyclope neritea*, que actualmente é moi abundante nos areais do Serrido, en Cambados. Algúns exemplares acadan 1,5 cm de lonxitude e teñen unha forma aplanada que os diferencia facilmente dos outros caramuxos. Posúen un órgano do olfato moi desenvolvido que lles permite localizar doadamente os cadáveres próximos, desprazándose rapidamente na súa procura. Exemplares desta especie foron localizados por membros do CES (Colectivo Ecoloxista do Salnés) na Enseada de O Bao no ano 1991. Ata ese momento non se tiñan localizado en ningún outro lugar do litoral galego,

aínda que si foran citados fai anos nas nosas augas pero sen aclarar a súa localización. O *Cyclope neritea* é unha especie característica do Mediterráneo que chegou ata as augas de O Bao coa importación de ostras da especie *Ostrea edulis*.

A máis recente introducción accidental dunha especie foránea na Enseada, foi a do caramuxo chamado *Gibbula albida*. Este gasterópodo pertence á familia dos "trompos", xunto a outras especies moi comúns do noso litoral. Os exemplares desta especie presentan a forma cónica característica da familia, e as dimensións dos máis grandes poden acadar 2,5 cm, polo que son doadamente identificables.

Os casos citados son os máis chamativos, pero non os únicos. Ademais non nos debemos esquecer de que a minúscula dimensión de moitas especies mariñas posibilita que poidan pasar inadvertidas incluso para os investigadores, polo que debéramos dar por feito que o número de especies que están a colonizar as nosas augas aumenta día a día.



Cyclope neritea



Gibbula albida